

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 12 DE MAIO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Proxecto de lei de creación dos colexios provinciais de economistas por fusión dos colexios de titulares mercantís e de economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da área metropolitana de Vigo.

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba a transmisión de titularidade dunha antiga caseta de legoeiros situada no punto quilométrico 13+125 da estrada AC-552, na parroquia de Lañas, a prol do Concello de Arteixo (A Coruña).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Baiona para a execución das obras da actuación no contorno da praza Victoria Cadaval e no tramo da rúa Julián Valverde, dende o cruzamento coa rúa José Pereira Troncoso ata a rúa Porta do Sol, enmarcada na fase II do concurso de ideas "Humanización da travesía interior de Sabarís", por un importe de un millón cento sesenta e seis mil cento dous euros con setenta e tres céntimos (1.166.102,73 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Olerón emprazado nos concellos de Rois e Brión (A Coruña) e promovido pola sociedade Norvento, S.L. (IN661A 2010/12).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do centro Rafael Puga Ramón durante o curso escolar 2016-17, por un importe de catrocentos noventa mil noventa e seis euros con cincuenta céntimos (490.096,50 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do centro de formación profesional Calvo Sotelo durante o curso escolar 2016-17, por importe de cento seis mil novecentos vinte e cinco euros con sesenta e un céntimos (106.925,61 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para a sinatura dun convenio de colaboración coa entidade Aldeas Infantiles SOS Galicia para a execución do "Programa de apoio ao acollemento en familia extensa". Importe total: douscentos sesenta e cinco mil catrocentos vinte e tres euros con setenta e oito céntimos (265.423,78 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e o Concello de Cervo, para o equipamento dun centro sito en San Cibrao, onde se presten servizos das carteiras de servizos de promoción da autonomía e de atención á dependencia. Importe total: cento sesenta mil euros (160.000,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a Resolución da Dirección Xeral de Enerxía e Minas pola que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Coto de Frades, nos concellos da Pontenova e da Fonsagrada (Lugo) e promovido pola sociedade Norvento, S.L. (LU-11/128-EOL).
- Informe sobre a convocatoria de subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética na Administración local, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, cun orzamento de tres millóns catrocentos noventa mil setecentos noventa e un euros con oitenta e sete céntimos (3.490.791,87 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta das axudas para investimentos en empresas de primeira transformación de produtos forestais.

A XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO DE LEI QUE FUSIONA OS COLEXIOS DE ECONOMISTAS E TITULARES MERCANTÍS DE GALICIA

- *Como consecuencia deste proceso, crearanse catro novos colexios de economistas - un por provincia-, que aglutinarán máis de 5.000 colexiado/as*
- *A iniciativa responde á realidade académica e profesional no campo da economía e da empresa e ao obxectivo de acadar unha maior eficiencia na xestión dos colexios*
- *O Goberno central e as comunidades autónomas de Murcia, A Rioxa, Navarra, Cataluña e País Vasco aprobaron leis de fusión similares*

O Consello da Xunta deu luz verde ao Anteproxecto de lei de creación dos colexios provinciais de economistas por fusión dos colexios de titulares mercantís e de economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

A través desta norma, fusiónanse os catro colexios de economistas (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra) e os cinco de titulares mercantís (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) e pasan a conformar un único colexio por provincia. Ademais, manterase o actual Consello Galego de Economistas, creado no ano 2008, que asumirá as funcións de Consello dos colexios resultantes da fusión.

O documento non recibiu ningún tipo de alegación durante o período en que estivo publicado para efectos de información pública e conta cos informes favorables do Consello Galego de Economistas, Consello Xeral de Economistas, Dirección Xeral de Orzamentos, Secretaría Xeral da Igualdade, Asesoría Xurídica e Consello Galego da Competencia.

O anteproxecto de lei tamén conta co ditame preceptivo do Consello Económico e Social, que considerou razoable a fusión en resposta á realidade académica e profesional no campo da economía e da empresa, así como ao obxectivo de acadar unha maior eficacia e eficiencia na súa xestión.

Os novos colexios estarán integrados por todas as persoas colexiadas pertencentes aos colexios fusionados, así como polas que con posterioridade sexan incorporadas a estes por reuniren os requisitos esixidos. A fusión afecta directamente máis de 5.000 persoas, integrantes dos nove colexios que agora se fusionan.

A iniciativa ten como precedente principal a Lei 30/2011, de carácter estatal, na cal se unificaban as organizacións colexiais de economistas e de titulares mercantís para crear o Consello Xeral de Economistas. Seguindo este precedente, outras comunidades autónomas como Murcia, A Rioxa, Navarra, Cataluña e País Vasco aprobaron leis de fusión similares.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO DE LEI QUE MODIFICA A LEI 4/2012, DO 12 DE ABRIL, DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

- ***A posta en marcha da Área está condicionada pola incorporación do concello de Vigo ao Plan de transporte metropolitano de Galicia, como así o recolle este anteproxecto de lei***
- ***O Concello de Vigo deberá asinar o correspondente convenio, e a súa incorporación ao Plan de transporte metropolitano non suporá incremento na achega prevista nin para a Xunta nin para os outros concellos***
- ***Cabe lembrar que o Goberno galego leva case un ano mantendo reunións cos 14 alcaldes e máis de 30 voceiros dos grupos municipais para acadar así o maior consenso posible entre os concellos que a integran para poder acadar un consenso e aprobar a lei***
- ***O Anteproxecto de lei permite a posta en marcha dunha área, cun modelo de gobernanza e de asunción de competencias que recolle o consenso acadado polos 14 alcaldes que a integran***

O consello da Xunta aprobou hoxe o Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da área metropolitana de Vigo, engadindo unha nova disposición adicional que condiciona a efectiva posta en funcionamento da Área Metropolitana de Vigo á incorporación do concello de Vigo ao Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.

O anteproxecto de Lei recolle na disposición adicional décimo primeira que, para a efectiva posta en funcionamento da Área Metropolitana de Vigo, se requirirá a incorporación do concello de Vigo ao Plan de transporte metropolitano de Galicia mediante a formalización do correspondente convenio co devandito concello, e que a dita incorporación non suporá ningún incremento na achega prevista no Plan de transporte metropolitano de Galicia, para a Xunta ou para os outros concellos, nin limitación ningunha ao número de persoas usuarias.

Coa vontade de chegar a un acordo, a Xunta de Galicia puxo en marcha desde mediados do ano 2015 un proceso de diálogo que a levou a recoller as impresións dos gobernos municipais e dos grupos da oposición dos 14 concellos que integraron de xeito inicial esta área. Ás ditas reunións bilaterais sucederon ata tres reunións multilaterais entre o Goberno autonómico e as 14 persoas titulares das alcaldías dos concellos da área, ademais de varias reunións celebradas entre os propios concellos. O proceso frutificou finalmente co acordo acadado en Vigo na reunión celebrada o 22 de febreiro de 2016.

Coas achegas recollidas, a Lei Lei 4/2012, do 12 de abril, refórmase principalmente en dous aspectos concretos: o modelo de gobernanza e as atribucións competenciais. En

canto ao modelo de gobernanza, adóptase un sistema de voto ponderado na Xunta de Goberno Metropolitana, o peso na toma de decisións neste órgano por parte de cada alcalde ou alcaldesa será correlativo ao peso poboacional do concello respectivo. Ademais como mecanismo corrector que evite eventuais abusos de poder por parte dos municipios máis poboados, exíxese de xeito complementario que os acordos da xunta de goberno deberán ser adoptados co voto favorable de, cando menos, os alcaldes ou alcaldesas de catro concellos.

Outro cambio na gobernanza atinxe ás vicepresidencias da área, que pasan de dúas a catro e que deberán garantir a pluralidade territorial e política, así como a paridade entre homes e mulleres. Tamén se ve afectado pola reforma o artigo regulador da Comisión de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Área Metropolitana de Vigo, órgano de coordinación interadministrativa nestas materias. A persoa titular da Presidencia da área pasa a ocupar a Vicepresidencia desta comisión.

Por último, o mecanismo flexible que a Lei 4/2012, do 12 de abril, prevé para a incorporación de novos concellos vese complementado con outro mecanismo flexible para eventuais saídas dos municipios integrantes. Así, introdúcese dúas novas disposicións adicionais que habilitan os concellos membros para suspenderen as súas achegas económicas á área e, eventualmente, para abandonala cando constaten non se teren adherido a ningún dos servizos metropolitanos.

Competencias da área metropolitana

No que respecta ao alcance e financiamento das competencias da área metropolitana, a modificación legal inclúe dúas novidades substanciais, xa que, en primeiro lugar, se prevé un mecanismo áxil e efectivo para a cesión das funcións e servizos correspondentes ás competencias oportunas por parte da Deputación Provincial de Pontevedra, que se une ao xa previsto para as cesións que teñan que facer a Comunidade Autónoma e os propios concellos, garantindo que as achegas económicas que acompañen a dita cesión teñan unha base obxectiva.

En segundo lugar, modifícase o artigo 21 da Lei 4/2012, do 14 de abril, relativo ás competencias da área en materia de transporte público de viaxeiros, que faculta a área metropolitana de Vigo para establecer os criterios de coordinación entre o transporte metropolitano xestionado por ela cos transportes urbanos xestionados por concellos integrados nela. Para isto, créase un comité de coordinación integrado por unha persoa representante da Administración xeral da Comunidade Autónoma, outra persoa representante dos concellos da área con transporte urbano e outra dos concellos carentes del. Non obstante, poderán participar nas súas reunións, con voz pero sen voto, persoas representantes de cada un dos concellos que integren a área. As propostas deste comité deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Metropolitana e o Plan de explotación do transporte metropolitano deberá ser aprobado pola Asemblea

Metropolitana.

Tamén se modifica o artigo 21.1 letra e) e se introducen dúas novas disposicións transitorias relativas á extinción dos contratos de servizo público de transporte existentes e do réxime das novas incorporacións de concellos ao ámbito da área metropolitana.

Esta lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

A NOVA ORDENACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS INTRODUCE UN SISTEMA DE CLASIFICACIÓN NOVO QUE VALORARÁ A CALIDADE DO SERVIZO

- *Deste xeito, a nova regulación permite ter en conta os servizos prestados polos establecementos á libre elección dos seus titulares dos mesmos*
- *Así mesmo, introduce elementos de flexibilidade na rixidez métrica das superficies exixidas a prol dunha homoxeneización normativa entre comunidades autónomas*
- *A clasificación dos establecementos hoteleiros da nova regulación inclúe dúas novas categorías: os hotéis balnearios e os hotéis talaso*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se establece a nova ordenación dos establecementos hoteleiros.

A novidade do decreto é a introdución dun sistema de clasificación novo que permite ter en conta, por unha parte, as infraestruturas e o cumprimento duns mínimos obrigatorios para todos os establecementos da mesma categoría e, por outra parte, os servizos prestados polos establecementos, ofrecidos á libre elección dos titulares dos establecementos.

Así, neste novo sistema de clasificación valóranse, por puntos, tanto a importancia da percepción da calidade que teñen as persoas consumidoras e usuarias, coma os requisitos mínimos que se teñan que cumprir en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, adecuados aos estándares xerais do sector e á posibilidade de mellorar a súa competitividade, mediante un sistema flexible da clasificación cun espazo que permita a innovación empresarial no noso territorio.

Deste xeito, introdúcense criterios de servizos de cariz prestacional, mobiliario e equipamentos dos cuartos, acceso aos servizos complementarios, servizos de restauración, servizos de telecomunicacións, entre outros. Así mesmo, téñense en conta elementos de flexibilidade na rixidez métrica das superficies exixidas coa finalidade de facilitar a rehabilitación de edificios, a conservación do patrimonio histórico e artístico e unha adecuada adaptación da norma tentando harmonizala tanto co resto de normas doutras comunidades autónomas coma coas do noso contorno máis inmediato, en especial coa normativa europea.

Clasificación dos establecementos hoteleiros

No que respecta á clasificación dos establecementos hoteleiros, o novo decreto introduce tamén novidades significativas, entre as cales destaca a nova clasificación dos establecementos hoteleiros, divididos en dous grupos: hotéis e pensións.

Os establecementos do grupo de hoteis clasifícanse, pola súa vez, en hoteis, hoteis apartamentos, moteis e, nas novas categorías, hoteis balneario e hoteis talaso.

Ademais, con independencia da súa modalidade, os hoteis estarán identificados por estrelas, exceptuando os moteis, que se clasifican nunha única categoría e deben cumprir, como mínimo, as condicións que lles correspondería á categoría de hotel de dúas estrelas. As categorías de unha, dúas, tres, catro e cinco estrelas poderán ter, ademais, a cualificación de superior.

Esta nova regulación turística mantén, polo tanto, o sistema de clasificación por estrelas dos establecementos hoteleiros, utilizado a nivel internacional dende hai décadas, por constituír unha garantía de especial importancia para as persoas usuarias turísticas, ao permitirilles asociar o número de estrelas outorgadas en cada establecemento hoteleiro cun determinado nivel de calidade de instalacións e servizos.

Pola súa parte, nos establecementos do grupo pensións, estes clasifícanse en tres categorías tamén identificadas por estrelas.

No que respecta a denominación de hostel, poderana utilizar aquelas pensións de tres e dúas estrelas que cumpran os requisitos establecidos no decreto.

Así mesmo, a regulación recolle a autorización por parte de Turismo de Galicia da concesión da denominación pousada, supeditándoa á concorrencia dunha serie de condicións, entre elas, a de tratarse dun hotel clasificado, como mínimo, na categoría de dúas estrelas superior.

A XUNTA DE GALICIA TRANSFIRE AO CONCELLO DE ARTEIXO UNHA ANTIGA CASETA DE LEGOEIROS DA ESTRADA AC-552 NA PARROQUIA DE LAÑAS

- *A AXI, de acordo co informe emitido polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transmisión de titularidade dos terreos que ocupa a vivenda, o patio e o terreo estremeiro, que supón un total de 295,60 metros cadrados e que determinan a totalidade da superficie*
- *O Concello de Arteixo manifestou á Consellería de Infraestruturas e Vivenda o seu interese por obter o cambio de titularidade deste inmovible, posto que se trata dun elemento funcional desta estrada*
- *Por parte do municipio, preténdese demoler a instalación e poder, deste xeito, acondicionar o cruzamento das estradas que van a Amentón, Monteagudo e Barrañán*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a transmisión de titularidade dunha antiga caseta de legoeiros situada no punto quilométrico 13 + 125 da estrada coruñesa AC-552 que une A Coruña (A Grela)-Cee (AC-550), concretamente, na parroquia de Lañas a prol do Concello de Arteixo.

A AXI, de acordo co informe emitido polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transmisión de titularidade dos terreos que ocupa a vivenda, o patio e o terreo colindante, que supón un total de 295,60 metros cadrados e que determinan a totalidade da superficie.

Por parte do Concello, preténdese demoler a instalación e poder, deste xeito, acondicionar o cruzamento das estradas que van a Amentón, Monteagudo e Barrañán.

O Concello de Arteixo manifestou á Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), organismo dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, o seu interese por obter o cambio de titularidade deste inmovible, posto que se trata dun elemento funcional desta estrada, é dicir trátase dunha infraestrutura complementaria que pode estar constituída por un espazo e instalacións destinadas a ordenar, mellorar ou regularizar o sistema xeral de transportes e comunicación, tales como centros operativos de conservación e explotación, zonas de estacionamento, paradas de autobús, áreas de descanso ou de auxilio e estacións e centros de control.

O Concello de Arteixo deberá levar a cabo as actuacións necesarias ante os organismos oficiais correspondentes para regularizar a titularidade da superficie, da edificación e dos terreos existentes na parcela.

A cesión tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta

da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

O cambio de titularidade será efectivo no día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes mediante a sinatura da correspondente acta.

Corresponderán ao Concello de Arteixo, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación dos terreos, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra como nova Administración titular.



MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ MÁIS DE 1,1 MILLÓNS DE EUROS NA II FASE DA HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA DE SABARÍS EN BAIONA

- *O orzamento distribuirase entre este ano e o seguinte, e servirá para actuar no contorno da Praza Vitoria Cadaval*
- *Xa foron executadas a primeira e terceira fase desta humanización, ás que a Xunta destinou máis de 1,8 millóns de euros desde 2012*

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio investirá máis de 1,1 millóns de euros na II fase de humanización da Travesía interior de Sabarís, no concello de Baiona. O Consello da Xunta autorizou hoxe este orzamento, que se distribuirá entre este ano e o próximo exercicio.

En 2008, o Concello e Baiona promoveu o concurso de ideas para humanizar a travesía interior de Sabarís, desde a rotonda da Ponte Romana ata a da “curva do manco”. As actuacións distribúense en tres fases, das cales xa foron executadas a primeira (rúa Julián Valverde) e a terceira (rúa Porta do Sol e Areas). O Goberno galego investiu máis de 1,8 millóns de euros desde 2012 nestas dúas actuacións.

Agora, con este trámite, iniciaranse as actuacións correspondente á segunda fase, que comprende a praza Vitoria Cadaval e o tramo da rúa Julián Valverde, desde o cruzamento coa rúa José Pereira Troncoso ata a rúa Porto do Sol.

Esta actuación terá como obxectivo mellorar a rede separativa de pluviais e fecais, abastecemento, iluminación e soterramento de electricidade e telefonía; renovar a rede de saneamento, pluviais e fecais; reorganizar o tráfico rodado nun só sentido de circulación en dirección a Baiona; eliminar barreiras arquitectónicas e crear espazos públicos de calidade.

Este proxecto pretende, ademais, converter a praza Vitoria Cadaval nun espazo de lecer, con elementos vexetais que ofrezan sombra e creando un ambiente amable para os usuarios.

Tamén se prevé recuperar a contorna do edificio catalogado como mercado municipal, con propostas encamiñadas a dotar de unidade a zona e buscando unha maior integración e vinculación tanto coa praza como coa ponte medieval.

Plan Hurbe

Esta actuación inscríbese no Plan HURBE, que a Xunta impulsou en 2010 para dar resposta á necesidade de humanización das vilas de Galicia. Tendo en conta o modelo social de integración cidadá, busca o achegamento dos tecidos urbanos aos seus

habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para as necesidades vixentes.

Segundo o Plan de investimentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Consellería destinará este máis de seis millóns de euros a este plan, dos cales máis de 3,5 millóns serán para novas actuacións que permitirán realizar investimentos en máis de 20 concellos. O orzamento destinarase, principalmente, á humanización de rúas e á urbanización e mellora de espazos públicos.

Entre outros beneficios, o HURBE favorece a sustentabilidade futura compatibilizando o desenvolvemento económico e a agrupación arredor dos núcleos de poboación con criterios de ordenación territorial e habitabilidade, recupera espazos públicos que foron perdendo o seu carácter de áreas de interacción social por un inadecuado desenvolvemento urbanístico e potencia a conservación dos equipamentos urbanos patrimonio histórico das nosas vilas.

A XUNTA AUTORIZA DOUS NOVOS PARQUES DO CONCURSO EÓLICO QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO CONXUNTO DE MÁIS DE 48 MILLÓNS DE EUROS

- *O eólico Coto de Frades localizarase nos concellos lucenses da Pontenova e A Fonsagrada e contará con 5 aerogeradores que suman 15 MW e producirán máis de 44.000 MWh ao ano*
- *O parque Olerón, situado nos municipios coruñeses de Rois e Brión, disporá de 8 aerogeradores e 24 MW con capacidade para producir anualmente máis de 78.000 MWh*
- *Con estes, o concurso eólico suma 19 parques e 449 MW autorizados, cun investimento de máis de 572 millóns de euros*

A Xunta vén de autorizar dous novos parques eólicos do concurso galego que supoñen un investimento conxunto de máis de 48 millóns de euros: o parque Coto de Frades, situado nos concellos da Pontenova e A Fonsagrada (Lugo); e o de Olerón, que se situará nas localidades coruñesas de Rois e Brión.

O eólico Coto de Frades, promovido por Norvento, estará composto por 5 aerogeradores que, cunha potencia total de 15 MW, producirán máis de 44.000 MWh ao ano. Suporá un investimento de 18,8 millóns de euros.

Pola súa banda, no parque Olerón, que tamén desenvolverá Norvento, investiranse 29,6 millóns de euros. Contará con 8 aerogeradores cunha potencia total de 24 MW, e estímase que a produción de enerxía anual se aproximará aos 78.000 MWh ao ano.

Con este dous novos parques, o Goberno galego suma 19 parques do concurso aprobados, tras as autorizacións dos eólicos de Acibal, Mondigo, Faro, Cernego, Pico Seco, Friol, Paraño Oeste, Xinzo Norte, Chan do Eixo, Oulol, Tenzas do Aire, a primeira fase de Monte Arca, Cordal-Ousá, Orrea, Alto da Telleira, Campo Pequeno e Carracedo, co que se acada un total de 449 MW e un investimento de máis de 572 millóns de euros.

Deste xeito, a Consellería de Economía, Emprego e Industria segue a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado do sector e á creación de emprego e riqueza para a sociedade. Cómpre salientar que o total dos plans industriais asociados ao concurso eólico galego están a xerar máis de 1.000 millóns de investimento na comunidade galega e teñen permitido crear máis de 2.000 empregos directos.

Así mesmo, o Goberno galego ten moi en conta ás administracións locais, de xeito que por medio do canón eólico se recadaron xa 137 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, os novos proxectos que se veñen de autorizar suporán

unha importante fonte de financiamento para os concellos da Pontenova, A Fonsagrada, Rois e Brión, que se poderán beneficiar da recadación obtida do mencionado canon.

CULTURA E EDUCACIÓN MANTÉN O SEU COMPROMISO CO ALUMNADO DO CENTRO DE FP RAMÓN CALVO SOTELO E DO IES RAFAEL PUGA RAMÓN

- ***Consellería renovará os convenios para ambos os centros, dando continuidade ao servizo educativo que se vén prestando neles***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña renovarán un ano máis a súa colaboración para o funcionamento de centros educativos, despois de que hoxe o Consello da Xunta autorizase a sinatura de dous convenios, un para o funcionamento do centro de formación profesional Calvo Sotelo e outro para o funcionamento do Instituto de Educación Secundaria Puga Ramón.

En total serán algo máis de 597.000 euros destinados ao funcionamento de ambos os dous centros, durante o curso escolar 2016-2017. Trátase fundamentalmente de parte dos gastos de persoal (persoal docente e de administración e servizos), gastos xerais (subministración, reparacións), mantemento, limpeza e conservación.

Deste xeito a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dá continuidade ao seu compromiso de manter o servizo público educativo de todos os alumnos e alumnas que están escolarizados nestes centros, tal e como vén facendo desde hai anos.

A XUNTA DE GALICIA APOSTA POLO ACOLLEMENTO FAMILIAR A TRAVÉS DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN CON ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA DE APOIO ÁS FAMILIAS EXTENSAS

- *Trátase dunha modalidade de protección á infancia que permite que familiares se fagan cargo, temporalmente, dos nenos e as nenas cando se ve impedida a convivencia cos seus pais por diferentes causas*
- *Este programa proporciona unha atención especializada adaptada ás necesidades das persoas acollidas, das persoas acolledoras e dos proxenitores, por medio de actuacións de asesoramento e orientación en tarefas parentais e coidado dos menores*
- *O orzamento total desta acción supera os 265.000 euros, dos cales a Consellería de Política Social achega para o ano 2016 151.679 euros*
- *O programa vai destinado a todos os menores de entre 0 e 17 anos en situación de risco ou desamparo para os cales a medida máis efectiva sexa o acollemento familiar. O número de beneficiarios previstos coa aplicación deste convenio no período de xaneiro a decembro de 2016 será de 320 no servizo de formación e 80 menores en familias usuarias do servizo de intervención educativa*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a posta en marcha dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Aldeas Infantiles SOS Galicia para a execución do “Programa de apoio ao acollemento en familia extensa”, mediante o cal se facilita apoio aos procesos de acollemento familiar de menores por membros da súa propia familia. Trátase dunha modalidade de protección á infancia que permite que familiares se fagan cargo, temporalmente, dos nenos e as nenas cando se ve impedida a convivencia cos seus pais por diferentes causas. Deste xeito, garántese o mantemento dos menores no seu contorno emocional e social, favorecendo a posible integración coa súa familia de orixe.

Este programa proporciona unha atención especializada adaptada ás necesidades das persoas acollidas, das persoas acolledoras e dos proxenitores, por medio de actuacións de asesoramento e orientación en tarefas parentais e coidado dos menores, intervención psicosocial e actuacións de mediación nas relacións familiares e apoio educativo ás familias a través de sesións formativas.

A Xunta de Galicia detectou a necesidade de reforzar a atención ás familias extensas que acollen un menor, que precisan apoios, recursos e intervencións na súa función de proporcionar seguridade, afianzar o benestar, encher as necesidades que poidan xurdir e manexar os contactos e a vinculación cos proxenitores. A través deste convenio apóstase pola primacía deste tipo de acollemento e poténciase o apoio ás familias que requiren de formación e acompañamento para desenvolver con éxito unha labor fundamental na protección dos menores do seu contorno familiar.

Este programa está estruturado en dous servizos que responden ás necesidades do/a menor. Un deles é o servizo de apoio especializado que proporciona atención especializada ás necesidades dos/as acollidos/as, das familias acolledoras e dos proxenitores por medio de actuacións de asesoramento e orientación, intervención psicosocioeducativa e actuacións de mediación nas relacións familiares. Así mesmo, o programa establece un outro servizo, neste caso de formación, que fornece a información e os coñecementos necesarios sobre o proceso de acollemento, dota as familias das ferramentas necesarias para conformar un novo sistema de relacións sólido e estable, baseado nas fortalezas e puntos fortes de cada un dos seus participantes, que permite cubrir as necesidades materiais, afectivas e asistenciais dos/as menores acollidos/as. O programa beneficia todos os menores de entre 0 e 17 anos en situación de risco ou desamparo, para os cales a medida máis efectiva sexa o acollemento familiar.

O orzamento total desta acción ascende a 265.423,78 euros, dos que a Consellería de Política Social achega para o ano 2016 151.679 euros e Aldeas Infantiles SOS de Galicia achega 113.744,78 euros. O número de beneficiarios previstos coa aplicación deste convenio no período de xaneiro a decembro de 2016 será de 320 no servizo de formación e 80 menores en familias usuarias do servizo de intervención educativa. O convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016. Non obstante, abranguerá as accións obxecto deste convenio que realice Aldeas Infantiles SOS Galicia desde o 1 de xaneiro de 2016.

Dende o ano 2010, Aldeas Infantiles desenvolvía un programa de apoio a familias acolledoras extensas na provincia de Pontevedra. En 2013, a Xunta de Galicia asinou un convenio de colaboración con esta entidade para o financiamento deste programa por un importe de 30.000 euros. O éxito da intervención realizada fixo conveniente a súa ampliación a toda a Comunidade Autónoma incrementando no 2014 o orzamento destinado a esta actuación ata o 107.140,75 euros. Os datos obtidos nestes anos de traballo reflicten a utilidade que reporta o programa en canto á diminución do estrés familiar e a súa clara repercusión no benestar do menor.

De acordo coa filosofía do sistema de protección á infancia, a nosa comunidade autónoma mantén unha maioría de medidas encadradas no eido familiar, de tal xeito que do total de menores tutelados e en garda da Xunta de Galicia, o 61% atópase en acollemento familiar. A maior abastanza, o recurso de acollemento en familia extensa representa o 87% dos acollementos familiares, sendo como xa se explicou na maioría dos casos o recurso máis idóneo na medida en que mantén os menores no seu contorno socioeducativo e emocional.

Cómpre destacar que a Consellería de Política Social está ultimando a elaboración da Estratexia galega para a infancia e a adolescencia 2016-2020, que inclúe un obxectivo operativo específico destinado a mellorar os programas de acollemento para menores de idade que precisen de alternativas convivenciais, priorizando, especialmente para os grupos de idade de 0 a 6 anos, o acollemento familiar fronte ao residencial, e garantir no caso deste último a súa adecuación ás necesidades do neno, nena ou adolescente, a través da especialización, diversificación e calidade da atención.

A XUNTA DE GALICIA DÁ LUZ VERDE AO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CERVO PARA AUMENTAR A DISPOÑIBILIDADE DE EQUIPAMENTOS DE SERVIZOS SOCIAIS

- ***A administración autonómica achegará 150.000 euros para completar a dotación do equipamento necesario para a posta en funcionamento dun centro en San Cibrao***
- ***Grazas a este acordo, poranse á disposición das persoas maiores e/ou dependentes un total de 53 prazas residenciais e 25 de atención diúrna***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Concello de Cervo para o equipamento dun centro sito en San Cibrao, no cal se prestarán servizos das carteiras de promoción da autonomía e atención á dependencia. Deste xeito a Xunta de Galicia incrementa a dispoñibilidade de equipamentos de servizos sociais na zona rural das Mariñas. En concreto, poranse á disposición de persoas maiores e/ou dependentes 53 prazas residenciais e 25 de atención diúrna.

Este acordo suporá a posta en funcionamento dun centro de servizos sociais que dará resposta á demanda existente, garantindo así o dereito a que os servizos no medio rural sexan accesibles ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, e tomando en consideración as necesidades particulares dos cidadáns do medio rural na definición e aplicación das políticas e medidas de protección social.

O importe total do orzamento ascende a 160.000 euros, dos cales a Xunta de Galicia financia 150.000 e o Concello de Cervo, 10.000 euros.

En execución dos programas de gasto para o desenvolvemento rural de Galicia, realizáronse investimentos nas súas distintas zonas rurais. Nestes programas analízase a situación e as necesidades de cada zona rural impulsando actuacións específicas obxecto de financiamento dentro do programa. Así as cousas, entre as fontes de financiamento empregadas para acometer tales investimentos atópanse, por unha banda as cofinanciadas pola Administración Xeral do Estado a través do Programa de desenvolvemento rural (PDR) e, por outra, os recursos propios da comunidade autónoma. Nesta liña, a Xunta de Galicia está a impulsar con cargo aos seus orzamentos as actuacións que pola súa singularidade adquiren un carácter prioritario. Tal é o caso do centro de servizos sociais do Concello de Cervo, no cal só é necesario completar a dotación do equipamento para a súa posta en funcionamento.

A XUNTA ACTIVA UNHA NOVA ORDE DE ILUMINACIÓN PÚBLICA E CALEFACCIÓN QUE PERMITIRÁ A MÁIS DE 70 CONCELLOS AFORRAR 8 MILLÓNS DE EUROS

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria destina 3,5 millóns a un programa que nos últimos sete anos ten beneficiado a máis de 250 concellos, o 80% do total da comunidade***
- ***As actuacións permitirán reducir ata nun 50% a factura eléctrica das instalacións beneficiadas, contribuíndo á mellora da situación económica dos concellos***
- ***Esta liña de apoios, con axudas que alcanzan o 75% do investimento, encádrase na aposta do Goberno galego polo aforro e a eficiencia enerxética e polo fomento da utilización de fontes renovables nas administracións locais***

A Xunta de Galicia, na procura de medidas de aforro e eficiencia enerxética a nivel local e dentro do seu compromiso de prestar apoio económico aos concellos, activa unha nova convocatoria da liña para a renovación de iluminación pública exterior. Nesta edición, a orde, cun orzamento de 3,5 millóns de euros, amplíase tamén á renovación das instalacións de iluminación interior e de calefacción dos edificios municipais. O obxectivo é beneficiar en 2016 máis de 70 municipios galegos, que acadarán un aforro económico conxunto de 8 millóns de euros durante os dez primeiros anos de vida útil dos equipamentos, o equivalente ao consumo anual dunhas 1.350 familias.

Esta nova convocatoria, da cal se informou hoxe no Consello da Xunta, suma este ano 3,5 millóns e achegará apoios do 75% do investimento que se van realizar. En concreto, 2,5 millóns dedicaranse á mellora das instalacións de iluminación exterior e 1 millón á mellora da iluminación interior e das instalacións de calefacción dos edificios municipais.

Deste xeito, as actuacións que se levarán a cabo céntranse na mellora da iluminación pública exterior, eido que supón, de media, o 70% do consumo eléctrico dun municipio, ademais de buscar a mellora das instalacións enerxéticas dos edificios públicos. Así, xunto ao aforro económico, xerarase un aforro enerxético de máis de 4.700.000 kWh/ano, ao tempo que se reducirán as emisións de CO₂ á atmosfera nunhas 3.000 toneladas por exercicio, o equivalente a plantar arredor de 153.000 árbores.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria dá continuidade ao traballo desenvolvido nos últimos 7 anos a través desta liña de axudas xestionada polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega), que permitiu mobilizar 23,2 millóns de euros en máis de 250 concellos galegos, o 80% do total, que puideron acceder a axudas para renovar os seus equipamentos con outros máis eficientes, desenvolvendo proxectos

que supoñen aforros de ata un 50% no custo da factura eléctrica das zonas beneficiadas.

A Xunta segue a apostar pola eficiencia enerxética nos concellos galegos; un compromiso reforzado con outras actuacións, como a orde de axudas para a implantación de caldeiras de biomasa, que permitiu nos dous últimos anos a implantación de máis de 100 equipamentos en 79 concellos galegos que están a obter, de modo conxunto, un aforro anual de 395.000 euros.

Con estas liñas de axuda, o Goberno galego segue a apostar polo aforro e a eficiencia enerxética municipal, así como polo fomento da utilización de fontes renovables. Este esforzo complementase co asesoramento enerxético de carácter multidisciplinar que o Inega presta aos concellos.

A XUNTA APOIA CON 600.000 EUROS AS EMPRESAS FORESTAIS QUE SUPEREN OS 10.000 METROS CÚBICOS DE MATERIA PRIMA EMPREGADA

- ***O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe un informe sobre estas achegas, financiadas con fondos propios, e que se convocarán en breve mediante unha orde específica***

A Xunta apoiará cunha achega total de 600.000 euros as empresas de primeira transformación de produtos forestais que superen os 10.000 m³ de materia prima empregada. A normativa europea impide que as industrias desta dimensión se beneficien dos fondos comunitarios, polo que o Goberno galego decidiu aprobar estas axudas con fondos propios.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre estas achegas, que se plasmarán proximamente nunha orde específica da Consellería do Medio Rural. O importe da axuda para cada empresa beneficiaria será do 25% dos custos elixibles; no caso de pequenas empresas, poderá incrementarse ata un máximo do 35%. Establécese unha axuda máxima por beneficiario de 100.000 euros.

Mediante estes fondos poderán financiarse os investimentos en activos fixos produtivos tales como bens de equipamentos e instalacións en serradoiros e obra civil necesaria para a instalación da maquinaria de serra, nave de serradura e para almacenamento de produtos no propio serradoiro. Tamén, os bens de equipamento, instalacións e obra civil necesarios para almacenamento doutros produtos forestais distintos da madeira e non alimentarios (biomasa, cortiza, etc.) na propia industria.

O prazo de presentación de solicitudes para concorrer a estas axudas será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, que se prevé en breve.